

**CONVENIO DE PATROCINIO ENTRE A FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO E A
ENTIDADE CLUB CICLISTA RIAZOR, PARA A TEMPADA 2022/2023 - 2ª FASE, CON
CARGO AO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA –
FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NextGenerationEU
(CON LIÑA ESPECÍFICA DE PATROCINIO DE ABANCA)**

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2023

REUNIDOS

Dunha parte a FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO, con N.I.F. G15769383, representada neste acto pola persoa do Presidente do seu Padroado, en calidade de Secretario Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, Don José Ramón Lete Lasa, en virtude das facultades que ten conferidas. En diante Fundación.

Doutra parte a Entidade Club Ciclista Riazor, con N.I.F. G15541758, representada por don/dona Iván Manoel Montero Ferreiro, con N.I.F. 53167571N, en virtude das facultades que lle son conferidas polos poderes presentados perante a Fundación. En diante, a Entidade.

EXPOÑEN

- I. Que a Fundación, entidade fundacional do sector público de Galicia, ten por finalidade a promoción do deporte na Comunidade Autónoma galega, en cuxa consecución está capacitada para a realización de distintas actuacións, en colaboración con institucións e empresas, tanto públicas como privadas.
- II. Que a Fundación Deporte Galego, ten aprobado o Plan de Patrocinio Deportivo Fundacional dos equipos de Alta Competición de Galicia - Tempada 2022/2023 - 2ª Fase, con cargo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado con fondos da Unión Europea no marco da iniciativa NextGenerationEU, adoptada polo Parlamento Europeo e o Consello o 12 de febreiro de 2021 mediante a aprobación do Regulamento (UE) 2021/241, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

Dito Plan de Patrocinio (en diante, o Plan) ten por obxecto principal a promoción e incentivo do deporte e da práctica deportiva en Galicia, tendo por destinatarias as entidades con equipos nas máximas categorías estatais



absolutas. Este Plan ten o seu encaixe na medida C26.I3 no marco do compoñente 26 – Fomento do Sector Deporte, dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

- III. Que a Entidade conta cun equipo participante nunha das competicións incluídas no ámbito obxectivo do Plan. En diante, o Equipo.
- IV. Que a Fundación e a entidade financeira ABANCA formalizaron un contrato de patrocinio, que ten por obxecto o patrocinio publicitario por ABANCA do Plan.
- V. Que a Secretaría Xeral para o Deporte asinou un acordo de colaboración coa Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para desenvolver as medidas previstas no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e polo cal se suma ao apoio do Plan de Patrocinio Deportivo Fundacional dos equipos de Alta Competición de Galicia. Tempada 2022/2023 – 2ª Fase. A incorporación da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ao Plan de Patrocinio ten por finalidade o deseño e a transmisión de contidos relacionados coa loita pola tolerancia, igualdade e non violencia no deporte e na vida, entendendo esta actuación como un medio fundamental para a educación da sociedade sen discriminación e que incumbe a todas as persoas.
- VI. Este patrocinio supón a consideración de ABANCA e da CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE como patrocinadores oficiais do Plan, incorporándose o seu distintivo corporativo ás actuacións de comunicación do mesmo que desenvolva a Fundación, sen prexuízo das prestacións contempladas no presente Plan a favor da CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE e, no seu caso, de ABANCA.
- VII. Que o Plan conta con dúas liñas específicas de patrocinio:
 - a. Patrocinio con cargo á liña específica XUNTA DE GALICIA.
 - b. Patrocinio con cargo á liña específica ABANCA.
- VIII. Que a Entidade presentou solicitude para **ámbalas dúas liñas específicas** de patrocinio.
- IX. Que logo da correspondente tramitación do expediente, a Entidade vén de resultar adxudicataria no procedemento establecido para a formalización coa Fundación dun convenio de patrocinio con motivo do Plan e para ámbalas dúas liñas específicas de patrocinio anteriormente sinaladas.
- X. Que conforme a todo o referenciado, as Partes, recoñecéndose plena capacidade, conveñen en subscribir o presente convenio de patrocinio.



ESTIPULACIONES

Primeira.- Obxecto

É obxecto do presente convenio establecer as relacións entre as Partes en orde a dispoñer a actividade de patrocinio por parte da Entidade á Fundación Deporte Galego, Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e ABANCA de acordo co Plan para a Tempada 2022-2023. O obxectivo principal do presente Convenio é a promoción e incentivo do deporte e da práctica deportiva en Galicia e a promoción da igualdade e da presenza das mulleres no deporte, no marco do investimento C26.I3 do Compoñente 26 – Fomento do Sector Deporte – do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU (código de procedemento PR960A).

A medida (C26.I3) ten recoñecido o obxectivo CID 375: «Realización de accións no marco do Plan nacional do deporte: finalización de accións no marco do Plan social do deporte, incluída a renovación de polo menos corenta instalacións deportivas e accións para promover a presenza de mulleres no deporte profesional (programas de formación, campañas de márketing e estudos). As intervencións en materia de eficiencia enerxética deberán lograr por termo medio una redución da demanda de enerxía primaria de, polo menos, o 30 %. A lista de instalacións farase pública».

Este patrocinio será desenvolvido conforme á solicitude presentada pola Entidade para ámbolos dous apartados do patrocinio, así como con suxeición aos principios transversais do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e de conformidade ao Plan de patrocinio. Desta maneira, o presente convenio estará sometido ao Regulamento (UE) número 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como a normativa interna aplicable á xestión, seguimento e control que se estableza para o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia en España –Orde HFP/1030/2021 e Orde HFP/1031/2021, ambas de 29 de setembro–.

Segunda.- Obrigas das partes

A Entidade ven obrigada a desenvolver as actuacións e obrigas recollidas na solicitude presentada á Fundación, tanto para a primeira liña de patrocinio (XUNTA DE GALICIA) como para a segunda (ABANCA), así como as establecidas no Plan aprobado a estes efectos, sendo todos estes documentos obrigatorios para as partes.

En particular, destácanse outras obrigas da Entidade, que de acordo coa cláusula 25 do Plan son as seguintes:



1) Comunicarlle á Fundación a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financian as actuacións obxecto do presente plan, especificando aquelas axudas de minimis obtidas, para os efectos de poder comprobar o cumprimento do límite cuantitativo.

2) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. De conformidade co artigo 22.2.f) do Regulamento (UE) 2021/241, é preceptiva a conservación da dita documentación durante un período de tres (3) anos a partir do pagamento do saldo ou, na falta dese pagamento, da operación.

3) Compromiso no cumprimento de etiquetaxe verde e dixital previsto no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, con base no Regulamento (UE) 2021/241. O Plan computa cun coeficiente para o cálculo da axuda dos obxectivos tanto climáticos como medio ambientais do 0% (epígrafe 115) de acordo co anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241.

Este compromiso despréndese do disposto no apartado 6 do compoñente 26 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia sobre a contribución á transición ecolóxica dispónse que a inversión C26.I3 prevé implementar as medidas de modernización e rehabilitación adecuadas para facer competicións e instalacións sostibles, inclusivas e respectuosas co medio ambiente, á que se lle aplicaría a etiqueta 026bis (100% coeficiente climático).

Do mesmo xeito, o apartado 7 do compoñente 26 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia sobre a contribución á transición dixital dispónse que a finalidade das inversións é a sinerxía e dixitalización do sistema deportivo estatal como panca para a saúde e o desenvolvemento sostible, a tecnoloxía e investigación en AFBS e deporte e a formación dixital no sistema deportivo. Este compoñente contribúe de xeito indirecto á consecución dun obxectivo transversal aliñado cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e a Axenda 2030, contribuíndo considerabelmente a pechar as diferentes brechas dixitais que se ensancharon nos últimos anos por motivos socioeconómicos, de xénero, xeracionais, territoriais e medioambientais.

4) Compromiso no cumprimento do principio horizontal de "non causar prexuízo significativo" que define o artigo 2.6 do Regulamento (UE) 2021/241 e que se contempla no apartado 8 do compoñente 26 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Neste último, prevese que a medida teña un impacto previsibelmente nulo ou insignificante sobre o obxectivo medioambiental dada a súa natureza. Porén, especifícase que polo menos o 70% dos residuos de construción e demolición non perigosos xerados será preparado para a súa reutilización, reciclaxe e recuperación doutros materiais; mentres que para os residuos perigosos utilizarase a demolición selectiva



para permitir a eliminación e manipulación segura destas substancias e facilitar a reutilización e reciclaxe de alta calidade. Tamén se manifesta que non se empregarán materiais que conteñan amianto nin substancias perigosas cualificadas como tal no anexo XIV do Regulamento (CE) 1907/2006.

5) Compromiso para conceder os dereitos e os accesos necesarios para garantir que a Comisión Europea, a OLAF, o Tribunal de Contas Europeo, a Fiscalía Europea e as autoridades nacionais competentes exerzan as súas competencias de control.

A entidade comprométese a comunicar no prazo máximo de 5 días desde a obtención do resultado, os resultados máis importantes en competicións nacionais e internacionais a fundaciondeportegalego.pr@xunta.gal.

Asemade, a entidade comunicará con unha semana de antelación, a fundaciondeportegalego.pr@xunta.gal a celebración de competicións, eventos de relevancia, ou actos públicos e de comunicación relativos ao equipo patrocinado.

A Fundación Deporte Galego e os equipos, e particularmente os seus adestradores e xogadores, colaborarán nas actividades organizadas no marco do Plan. A Fundación comunicará aos equipos cunha antelación mínima de 15 días, as actividades do Plan nas que deban participar os adestradores e xogadores, quen deberán asistir salvo xustificación admitida pola FDG.

A Fundación, pola súa parte, comprométese a patrocinar ao equipo coa cantidade indicada na cláusula terceira.

Terceira.- Pagamento e partida orzamentaria

O importe do presente convenio ascende a 11.175,49€, máis o 21% de I.V.E. (2.346,85€). Total: 13.522,34€, I.V.E. incluído:

Este importe será abonado pola Fundación, dende a data da sinatura do convenio, en dous prazos:

- a) O 80% do importe total unha vez asinados o convenio e o plan, e presentada a seguinte documentación:
 - Xustificación gráfica de ter utilizados os soportes publicitarios esixidos para o cumprimento do convenio (Anexo II).
 - Factura do primeiro prazo (80%). Presentada, a través do Sistema Electrónico de Facturación da Comunidade Autónoma de Galicia https://factura.conselleriadeconomia.es/eFactura_web/, previa conformidade da Fundación Deporte Galego. No concepto da factura farase constar "Primeiro pago do convenio de patrocinio formalizado entre a Fundación Deporte Galego e a Entidade Club Ciclista Riazor ao abeiro do



Plan de Patrocinio aos equipos de alta competición de Galicia para a tempada 2022/2023 – 2ª fase (80%)”.

A data límite para presentar o ANEXO II será o 15 de agosto do 2023. En caso de non telo presentado nesta data, perderán o dereito ao cobro das cantidades pendentes (80% e 20%).

- a) O 20% restante aboarase a partir do 31 de outubro de 2023, unha vez rematadas todas as actividades e competicións do exercicio en curso dentro do período de vixencia do convenio e unha vez presentada a seguinte documentación:
- Xustificación gráfica de ter utilizados os soportes publicitarios esixidos desde a data de sinatura do convenio (Anexo III).
 - Memoria que comprenda o conxunto das actividades obxecto de patrocinio realizadas pola Entidade (Anexo IV).
 - Declaración responsable das axudas solicitadas ás distintas administracións públicas competentes ou a entidades privadas, con indicación das concedidas ou pendentes de resolución, e de que os ingresos obtidos con motivo da actividade patrocinada non xeraron superávit ou, en caso contrario, informado de cal é ese excedente ao fin de proceder á redución do importe final a pagar na contía que exceda o equilibrio entre ingresos e gastos da actividade patrocinada (Anexo V).
 - Factura do segundo prazo (20%). Presentada, a través do Sistema Electrónico de Facturación da Comunidade Autónoma de Galicia https://factura.conselleriadeconomia.es/eFactura_web/ previa conformidade da Fundación Deporte Galego. No concepto da factura farase constar “Segundo pago do convenio de patrocinio formalizado entre a Fundación Deporte Galego e a Entidade Club Ciclista Riazor ao abeiro do Plan de Patrocinio dos equipos de alta competición de Galicia para a tempada 2022-2023 – 2ª fase (20%)”.

A data límite para presentar os ANEXOS III, IV e V será o 15 de novembro do 2023. En caso de non telos presentados nesta data, perderán o dereito ao cobro da cantidade pendente (20%).

O presente convenio está financiado con fondos da Fundación Deporte Galego, provenientes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia que instrumentaliza o desenvolvemento dos fondos europeos da iniciativa NextGenerationEU, da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e de ABANCA. En concreto, a financiación irá con cargo aos orzamentos da Fundación Deporte Galego para o ano 2023, con cargo á partida orzamentaria (5. Outros gastos), dado que no orzamento vixente para o exercicio 2023 dispónse de financiamento suficiente para o presente convenio con cargo á partida sinalada anteriormente.



Cuarta.- Vixencia

O prazo de vixencia estenderase entre a data de sinatura do convenio e o 31 de outubro de 2023.

A Entidade deberá acreditar o cumprimento das obrigas asumidas en virtude do convenio, momento a partir do cal quedará resolto de pleno dereito sen necesidade de comunicación previa entre as partes.

Quinta.- Exención de responsabilidade

A Fundación, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e ABANCA quedarán exoneradas de calquera tipo de responsabilidade fronte a terceiros por danos de calquera índole que puideran ser causadas por calquera elemento, activo ou soporte publicitario, que conteña os seus logotipos ou marcas.

Asemade, a Fundación, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e ABANCA non serán responsables, principais nin subsidiarios, respecto de obrigas ou sancións de calquera índole que puideran ser impostas á Entidade ou ao Equipo, comprometéndose a Entidade a manter indemne á Fundación, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a ABANCA, mediante o pago das mesmas.

Sexta.- Incumprimentos, penalizacións, modificación e rescisión do convenio

Estarase ao disposto no Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición de Galicia. Tempada 2022/2023 – 2ª Fase.

A Fundación e a Entidade poderán crear unha comisión de seguimento do convenio co fin de realizar a coordinación e o seguimento das actividades conxuntas programadas, así como co fin de velar polo cumprimento do presente convenio.

Sétima.- Transparencia e bo goberno

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia a Fundación Deporte Galego publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe dos patrocinios concedidos. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.



Tamén remitirá para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia, dentro dos primeiros vinte días dos meses de xaneiro, maio ou setembro do ano, en función de cando se formalicen os convenios de patrocinio, unha relación dos que se subscriban referida ao cuadrimestre anterior. Nesta relación sinalarase con claridade o importe dos mesmos, o obxecto do convenio e a persoa ou entidade destinataria.

Así mesmo, a Fundación remitirá copia dos convenios formalizados ao rexistro público de convenios da Xunta de Galicia, segundo o establecido na normativa reguladora deste.

Oitava.- Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no convenio.

Os asinantes do convenio, manifestan seu consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, podan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

Novena.- Réxime Xurídico

O contido e efectos do presente convenio quedarán suxeitos ás normas do Dereito común.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da súa interpretación, modificación, resolución e efectos que non podan ser resoltas no seo da Comisión de seguimento e interpretación, serán sometidas ao coñecemento da Xurisdición Civil, renunciando as partes a calquera outro foro que puidera corresponderlles.

Dando mostra de conformidade con todo o sinalado neste documento, asinan as partes o mesmo e a un só efecto, no lugar e data sinalados no encabezado.

Pola Fundación Deporte Galego

Pola Entidade

Asdo.: José Ramón Lete Lasas

Asdo.: Iván Manoel Montero Ferreiro

